

# Día das Letras Galegas

## Cortexo cívico de Pontedeume

650 anos da *Crónica troiana*  
de Fernán Martís  
1373-2023



COLECTIVO TERRA



Ateneo  
Fernán  
Martís

# Pontedeumme

Á memoria de  
Euloxio Regueira  
(1958-2022), primeiro  
presidente do  
Ateneo Fernán Martís.

Barro Deseño

**17 de maio de 2023, de 12:00 a 14:00 h.**

**Roteiro polos lugares dos escritores  
e as escritoras relacionadas con Pontedeume.**

**Coas intervencións de:**

**Carmen Blanco + Anxo Angueira + Manuel Ferreiro  
+ Emma Pedreira + María Barcala + Miguel Anxo Seixas  
+ Lois Diéguez + Suso de Toro + Claudio Rodríguez Fer.**


**Abre o cortexo a banda Charamela.**



Deputación  
DA CORUÑA



Pontedeume



As Irmandades no Xardín de Pontedeume, 1916

Uxío Novoneyra

Fernán Martís

Galo Salinas

Couceiro Freixomil

Ramón Regueira

Ramiro Fonte

Luís Pimentel

### 1. Xardín de Lombardero As Irmandades da Fala en Pontedeume

Foron recibidos na estación do tren con gaita, tamboril e a bandeira galega. Na foto están Lugrís, Tettamancy, Iglesias Roura, Jenaro Mariñas... Todos homes.

### Carmen Blanco

A escritora feminista ven dicir que sempre houbo e segue habendo mulleres na cultura galega, mesmo que moitas veces non saian nas fotos. Velaí a poeta eumesa **Isabel de Castro e Andrade** (1528-1582).

### 2. Torreón dos Andrade Uxío Novoneyra (1930-1999).

En 1960, o escritor dá un recital de poesía no Torreón, acto organizado polo Concello. Na lembranza daquela estadia, en 1996 Novoneyra compón o poema «Pontedeume», dedicado ao seu amigo Ramón Regueira, quen foi seu anfitrión.

### Anxo Angueira

Narrador e poeta de cerna, recitador da xinea do poeta do Courel, Angueira fainos o galano de dicir o poema «Pontedeume» de Novoneyra e máis outro da súa propia autoría.

### 3. Mercado

**Fernán Martís** (século XIV). Por encomenda de Fernán Pérez «o Bo», traduce do francés ao galego a *Crónica troiana* e os heroes da Guerra de Troia falan coma os eumeses da Idade Media. Este ano 2023 celebramos o 650 aniversario desta obra rematada en 1373.

### Manuel Ferreiro

O catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa na UDC ven á vila para glosar o labor de Fernán Martís e faino no lugar que ocupou o pazo dos Andrade, até principios do século XX.

### 4. Rúa de Santiago, 5 Xohana Torres (1929-2017).

En 1954, cando a escritora contaba 25 anos, foi nomeada encargada da oficina de Telégrafos, situada no primeiro andar desta casa: tres anos despois publica o seu primeiro poemario: *Do sulco*.

### Emma Pedreira

Escritora enteira, Emma convoca nesta antiga casa de Telégrafos a muller que dixo *Adios, María*, que afirmou *Eu tamén navegar*.

### 5. Rúa de Santiago, 1 Galo Salinas (1852-1926).

Durante varios anos, Galo pon escola en Pontedeume e aquí escribe algunhas das súas obras de teatro, tamén na vila pronuncia o primeiro discurso político en galego, en 1891. No Rexurdimento, o seu labor foi clave para dar pulo ao teatro galego.

### María Barcala

María sabe que desde a escena unha actriz pode seducir, emocionar e mesmo inquedar. Desde o balcón da casa de Galo, ela ven facer un alegato a prol do teatro.

### 6. Rúa de Santo Agostiño, 9 Couceiro Freixomil (1888-1955).

Nesta casa naceu o mestre e erudito, que dedicou grande parte do seu labor ao estudo da lingua e da literatura galegas.

### Miguel Anxo Seixas

Coa súa grande erudición redactou a monumental biografía de Castelao en tres tomos: *Construtor da nación*. Na casa do erudito eumés, Seixas salienta o valor da investigación histórica.

Foto das Irmandades por cortesía do Arquivo Municipal da Coruña / Foto de Galo Salinas por cortesía do Arquivo do Reino de Galicia / Retrato de Xohana Torres por cortesía da Fundación Laxeiro / Foto de Couceiro por cortesía da Real Academia Galega.

### 7. Praza do Convento, Casa da Cultura Ramón Regueira (1930-2010).

Durante un tempo, este edificio foi a vivenda familiar de Ramón Regueira. O seu único poema publicado foi composto para unha antoloxía poética en contra da guerra do Vietnán, en 1968. O libro *Con Vietnán* foi prohibido polo ministro franquista Fraga Iribarne e só chegou a ver a luz en 2016. Ramón Regueira deixou inédito un poemario en galego.

### Lois Diéguez

Coma outros poetas galegos, en 1968 Diéguez tamén participa no libro *Con Vietnán*. O escritor ven agora ao balcón do Convento para recitar o poema de Regueira e máis o seu propio, que aquel mesmo ano gravara Benedicto, o cantor de Voces Ceibes.

### 8. Praza da Angustia, 1 Ramiro Fonte (1957-2008).

Coas luces e as sombras da súa infancia nesta casa de Pontedeume, Ramiro teceu os soños da súa obra literaria en prosa e verso.

Xohana Torres por Laxeiro, 1968



### Suso de Toro

O escritor procura no linde, porque alí as palabras sempre din outra cousa. E nesta praza da Angustia, mesmo que chova, lucirá o sol para escoitar as palabras mestas de Suso de Toro sobre a creación literaria.

### 9. Praza da Angustia Luís Pimentel (1895-1958)

Era polos anos cincuenta do século pasado, cando Pimentel viña de Lugo polos veráns a esta praza da Angustia. Pero non sabemos en que casa paraba, por iso a homenaxe faise no cruceiro erguido no centro da praza. Pouco despois, Pimentel veraneou tamén no Areal de Cabanas.

### Claudio Rodríguez Fer

De Lugo ven tamén o poeta Rodríguez Fer para traer hoxe as palabras frescas do Pimentel que quere e tan ben coñece. Asemade, Claudio trae tamén os seus propios versos, que poñen o ramo deste cortexo cívico na praza da Angustia.

### Carta aberta a Euloxio Regueira (1958-2022).

Prezado amigo, desde que ti te fuches houbo novidades: este ano soubemos que cadra o 650 aniversario da *Crónica troiana* e celebramos que desde 1373, París e Helena falan coma nós, como a tía dona Helena. Agradecerche tamén o manuscrito do poema a Pontedeume de Novoneyra e dicirche que tiña razón teu pai, Xohana Torres traballou na vila de telegrafista, foi Henrique Sanfiz quen verificou. Saberás ademais que o asunto do libro *Con Vietnán*, que ti nos contaches, vai tamén no cortexo. E aínda debes saber que Sindo Vilariño deu coa casa de Galo Salinas e localizou a Pimentel na praza da Angustia, alí mesmo onde Ramiro nacía pouco despois da estadia do poeta de Lugo. Así andamos, amigo Euloxio, 'o ben falado', camiñando.